

Durante os días 1-4 de febreiro de 2010, a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela acollerá a celebración do *XXXIX Simposio Internacional da Sociedade Española de Lingüística (SEL)*.

Este simposio quere, por riba de todo, ser punto de encontro para investigadores –de dentro e fóra de España– que traballen calquera das numerosas parcelas en que arestora se divide o eido das ciencias da linguaxe. Para non traizoar estas aspiracións “ecuménicas” (e para poñer de relevo o seu compromiso coa defensa da diversidade lingüística), a organización renuncia a establecer lingua(s) oficiais(s). Cómpre advertir, porén, que en ningún caso se ofrecerá servizo de tradución.

Na páxina <http://www.usc.es/koiné> áchase máis información de interese verbo do simposio. As persoas interesadas en asistir ou participar deben consultala periodicamente para se informar de eventuais modificacións.

A *Sociedade Española de Lingüística*, fundada en 1970, é unha entidade de carácter estritamente científico e sen ánimo de lucro, aberta a calesquera estudosos que traballen no amplísimo campo da ciencias da linguaxe.

Ten a súa sede na rúa Albasanz, nº 26-28, 28037 Madrid.

E-mail: sel@filol.csic.es

Páxina web: <http://www.uned.es/sel/>



LUGAR DE CELEBRACIÓN DO SIMPOSIO

Facultade de Filoloxía
Universidade de Santiago de Compostela

MÁIS INFORMACIÓN

Grupo Koiné
<http://www.usc.es/koiné>

Sociedade Española de Lingüística
<http://www.uned.es/sel/>

XXXIX Simposio Internacional da Sociedade Española de Lingüística (SEL)

1-4 de febreiro de 2010

Facultade de Filoloxía
Universidade de Santiago de Compostela



ORGANIZA



FINANCIAN



ORGANIZA

Grupo Koiné
Universidade de Santiago de Compostela



COMITÉ CIENTÍFICO

Salvador Gutiérrez Ordóñez
Universidad de León e Real Academia Española
José Antonio Berenguer Sánchez
Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Manuel Leonetti Jungl
Universidad de Alcalá
Juana Gil Fernández
Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Eugenio R. Luján Martínez
Universidad Complutense de Madrid
Juan Carlos Moreno Cabrera
Universidad Autónoma de Madrid
Antonio Hidalgo Navarro
Universidad de Valencia

COMITÉ ORGANIZADOR

Presidenta:

Milagros Fernández Pérez

Vocais:

Concepción Cabrillana Leal
Pablo Cano López
Soraya Cortiñas Ansoar
Mercedes Díaz de Cerio Díez
María Teresa Díaz García
Beatriz Dieste Quiroga
Isabel Fernández López
José Virgilio García Trabazo
Miguel González Pereira
Ruth María Martínez Barbosa
Gabriela Prego Vázquez
Montserrat Souto Gómez
Luz Zas Varela

ESTRUTURA

- ◆ Conferencias plenarias
Arestora está confirmada a participación de:
 - Guillermo Rojo Sánchez
Univ. de Santiago e Real Academia Española
 - Mercedes Sedano Gutiérrez
Universidad Central de Venezuela
 - Jesús de la Villa Polo
Universidad Autónoma de Madrid
- ◆ Sesión monográfica: *A Lingüística de Corpus*
- ◆ Curso de *Lingüística Clínica*
- ◆ Comunicacions libres
- ◆ Paneis de investigación

COMUNICACIÓN LIBRES

1. O prazo para o envío das propostas rematará o **15 de novembro de 2009**.
2. A aceptación das propostas —ou, de ser o caso, o seu rexeitamento— comunicárase antes do **10 de decembro de 2009**.
3. Os comunicantes disporán dun máximo de 20 minutos para a exposición oral do seu traballo.
4. A versión definitiva do texto deberá axustarse ás normas que se recollan na folla de estilo (no seu momento, poderá consultarse na páxina web do simposio).

PANEIS DE INVESTIGACIÓN

Ofrécese aos grupos de investigación a posibilidade de presentar un panel co que divulgar os principios, métodos e/ou resultados da súa actividade investigadora. Os que se acollan a ela contarán cun espazo axeitado para expoñer o panel, así como para ofrecer atención personalizada a todas as persoas que amosen interese polo seu labor.

CERTIFICADOS

- Expediranse certificados de asistencia e participación.
- Están a facerse xestións perante varios centros da USC para acadar o recoñecemento **dun crédito de libre configuración** para os/as asistentes que así o soliciten (e que asistan con regularidade ás sesións do simposio).
- Están a facerse xestións perante a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para acadar a **homologación** do simposio a efectos de formación permanente de profesorado non universitario.

CUOTAS DE INSCRIPCIÓN

- Asistentes: 40 €.
- Comunicantes socios da SEL: de formalizaren a inscrición antes do 31 de decembro de 2009, 100 €; de o faceren despois, 130 €.
- Comunicantes non socios da SEL: de formalizaren a inscrición antes do 31 de decembro de 2009, 150 €; de o faceren despois, 180 €.

Na páxina web do simposio indícanse os pasos que cómpre dar para se inscribir como asistente ou comunicante.

DATAS IMPORTANTES

Data límite para o envío de propostas
15 de novembro de 2009
Data límite de aceptación (ou rexeitamento)
10 de decembro de 2009

Data límite do primeiro prazo de inscrición
31 de decembro de 2009
Data límite do segundo prazo de inscrición
20 de xaneiro de 2010

